




1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Costa Sur. Sector: Cabo Silleiro-A Guarda. Municipio: A Guarda. Parroquias: Santa María da Guarda ao noroeste, e Santa Isabel de Camposancos no resto. Extensión: 1,66km².

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Unidade formada por costa baixa, vertente e macizo montañoso na cabeceira. Fronte costeira con pequenos cantís, áreas sedimentarias areosas (fundamentalmente nas proximidades do estuario do Miño) e praias de cantos e bloques. A chaira costeira ten escasa prolongación continental, tan só alcanza certa relevancia no extremo sur da unidade, e enseguida desenvólvese a vertente regularizada polos derrubios de ladeira que proceden do desmantelamento da elevación granítica do Santa Tegra-Alto do Facho.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

O Monte de Santa Tegra correspóndese cun macizo granítico de afinidade alcalina no que son frecuentes os diques acedos de escasa potencia e dispostos de forma ortogonal de norte a sur e de leste a oeste. Sobre el recoñécense numerosos recubrimentos metamórficos de micaxistos migmatizados e conglomerados cuarcíticos, correspondentes ao Complexo de Monteferro ?-O Rosal, e que tamén se observan na liña de costa. Aos pés e ao redor deste accidente xeomorfolóxico dispónse unha banda de depósitos cuaternarios, procedentes do seu desmantelamento.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Vertente acantilada de ambiente climático Cálido e Moi Húmido no que a temperatura media anual supera os 15°C e a amplitude térmica media oscila entre os 12,5°C e os 13,5°C. No tocante ás precipitacións estímase valores acumulados entre 1400mm e 1600mm ao ano agás o extremo sur da unidade en torno á Punta de Santa Tegra, onde as precipitacións son lixeiramente inferiores debido á altitude, situándose entre 1200mm e 1400mm polo que se trata dunha franxa de clima Cálido e Húmido.

OS SOLOS

A base da vertente está formada por unha chaira costeira con lixeira inclinación na que se desenvolven os solos máis profundos e evolucionados do tipo cambisol tanto dístico como eútrico. Nas ladeiras inferiores tamén se poden formar cambisois máis ou menos podsolizados. Cara ao Alto do Facho-Santa Tegra, a edafoxénese retárdase en boa parte debido ao incremento notable da pendente e así da dinámica erosiva o que trae consigo en dominio dos solos de pouco grosor, case esquelético, cun único horizonte humífero sobre o substrato rochoso subxacente que en numerosos casos aflora á superficie. Na fronte costeira, entre as puntas dos Picos e Santa Tegra, localízanse varios enclaves de arenosos álbicos e háplicos, especialmente no extremo sur, asociados aos depósitos areosos acumulados nos procesos de sedimentación do esteiro do Miño.


AS AUGAS

Dende o alto desta elevación montañoso que forma esta unidade descenden, cara á estreita chaira costeira situada ao oeste, pequenos arrosios de escasa relevancia. A unidade queda por enteiro dentro da influencia das Augas Costeiras da Guarda (20103).

O PATRIMONIO NATURAL

Sector de costa baixa rochosa na que aparecen os cantís mariños atlánticos (1230) e onde se desenvolve o hábitat 1210, vexetación anual sobre refugallos mariños acumulados, en praias de cantos, bloques e plataformas rochosas irregulares. A chaira costeira, unha vez abandonada gran parte das actividades agrarias, contén matogueiras que repoboan cara a hábitats naturais. É zona de dominio potencial do 4030, breixos secos europeos. Nas partes altas tamén aparecen algúns sectores de matogueira deste tipo. Acompañando ás matogueiras en ambas as zonas afloramentos de roca engaden o grupo de hábitats 82, pendentes rochosas con vexetación casmofítica. Existe potencialidade, no dominio forestal, para bosquetes en formacións mixtas dos hábitats 9330, Sobreiras de Quercus suber e 9230, Bosques galaico-portugueses de Quercus robur e Quercus pyrenaica, derivados de masas antigamente máis extensas e hoxe xa moi degradadas, case desaparecidas. Na Punta de Santa Tegra ambiente do grupo 21, dunas marítimas atlánticas.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

Unidade caracterizada pola continuidade e homoxeneidade dos usos aos que se dedica a súa superficie. As zonas de maior pendente, a partir da cota 50 na ladeira noroeste do Monte Tegra, están cubertas por árbore de repoboación para explotación forestal, deixando tan só pequenas áreas baleiras que presentan matogueira de substitución ou outra vexetación típica da costa. Da cota 50 cara ao mar, nunha zona de moita menor pendente, a superficie se tupe de formacións vexetais costeiras ocupando o que noutro tempo foron terras de cultivo. Existen tamén certos usos residenciais e industriais, que se sitúan nesta parte de menor pendente cara ao punto medio da liña litoral, vinculados á estrada PO-355 que atravesa lonxitudinalmente o territorio.

MORFOLOXÍA

Territorio pouco poboado, a pesar da súa proximidade ao núcleo da Guarda. Na área definida entre a estrada PO-355 e a liña de litoral, a zona de menor pendente, sitúanse as edificacións que dan lugar ao asentamento de Bouzas, caracterizado pola súa dispersión e a débil estrutura do seu tecido. Aparecen ademais algunha construción residencial ou industrial illada, sen chegar a conformar unha entidade de poboación recoñecible.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A vía máis importante desta zona é a PO-355, que vai desde A Guarda a Salcidos rodeando a base do Monte Tegra a uns 50 metros sobre o nivel do mar. Atravesa a unidade lonxitudinalmente, cunha traza sensiblemente paralela á costa e delimitando con claridade os usos que se desenvolverán no ámbito: bosque de repoboación ladeira arriba e terras de cultivo, hoxe abandonadas, cara á costa. Outra vía pegada ao litoral, que vén desde A Guarda, interrómpese a metade da unidade. A rede viaria tradicional, que garantía o acceso ás parcelas de cultivo, foi caendo en desuso até converterse nun sistema moi débil do cal só se conserva parte da súa estrutura orixinal.

PATRIMONIO HISTÓRICO

Numerosos elementos arqueolóxicos salpican a ladeira do Monte Tegra, entre os que destacan pola súa singularidade os petróglifos da Revolta ou de San Francisco, ademais dos depósitos vinculados ao Castro, no alto do monte. Outros elementos patrimoniais, como os numerosos muíños de vento, marcos ou cruceiros, testemuñan as diferentes etapas históricas da colonización deste territorio. Dúas chemineas da antiga fábrica de cerámica no lugar de Catanga falan do pasado industrial da zona. No Monte Tegra atopamos o Poboado galaico-romano, datado entre o ano 27 a.C. e 14 d.C. e declarado Monumento Histórico-Artístico, a Vía Crucis do s. XVII ao longo da subida, O Monumento Hidrográfico do século XVI e o Museo, tamén declarado Monumento Histórico-Artístico. Á Capela de Santa Tegra (s. XII) os fieis de sete parroquias da Foz do Miño asisten cada ano (desde 1.599 só homes) en penitencia ao Monte, a pan e auga, en agradecemento pola súa mediación tras sete anos de seca en 1355. Por último ressaltala importancia de todo este patrimonio e tradicións culturais reflejadas na existencia do Museo pro-Monte de Santa Tegra.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

Paisaxe caracterizada pola forte presenza territorial do Monte Tegra, que condiciona o desenvolvemento desta unidade, as súas relacións cos territorios veciños e a propia evolución dos seus patróns de ordenación. O máis destacable deste territorio é a homoxeneidade e continuidade que presentan os diferentes usos aos que se dedica o seu solo, moi claramente separados pola estrada que atravesa o ámbito, paralelamente á costa. Pouca presenza antrópica, xa que as actividades agrícolas que existían noutro momento abandonáronse, dando lugar a unha franxa litoral cuberta por vexetación costeira de matogueira. Tampouco existen asentamentos de poboación de relevancia, exceptuando o pequeno casaríos de Bouzas, de pouca entidade e de orixe recente.

DINÁMICA DA PAISAXE

Este territorio experimentou unha evolución notable, a pesar de non estar nunca sometido a unha presión antrópica especialmente forte. Case todo o territorio que comprendía desde a liña de costa até os 60 metros sobre o nivel do mar (unha franxa duns 400 metros de ancho) estaba cultivado, cun parcelario miúdo construído con muros en terraza na pendente para facela máis aproveitable. Na actualidade a maior parte destas actividades abandonáronse, deixando unha superficie cuberta por vexetación tradicional costeira de matogueira sen uso produtivo algún. Outras destas parcelas foron ocupadas por desenvolvementos urbanísticos resentes, cambiando a morfoloxía e a estrutura tradicionais. Introducíronse mesmo novos usos, como os industriais que se sitúan ao pé da estrada ou a estación depuradora de augas residuais, que supoñen modificacións importantes nas dinámicas tradicionais da paisaxe.



RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

Do mesmo xeito que as unidades lindoiras, esta paisaxe está moi condicionada pola presenza do Monte Tegra e a forte carga simbólica e patrimonial que ten. A súa costa, ademais, ten un notable valor ambiental, formada por unha interesante sucesión de pequenos cantís, formacións rochosas menores e areais, incluíndo o que se forma na Punta de Santa Tegra, lingua de terra que se asoma cara a Portugal para enmarcar, xunto á Punta de Cabodelo, a desembocadura do Río Miño. Desde o alto do Monte Tegra contrólase a paisaxe costeira de Galicia e Portugal, e as perspectivas ábrese ao último tramo da desembocadura do Río Miño. Desde as partes baixas da unidade, a conexión visual faise transversalmente coa costa de Galicia, cara ao norte, e a de Portugal ao sur. Especialmente interesantes son as relacións visuais a través do río desde a Punta de Santa Tegra.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCÍONS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Crecementos espontáneos ao longo da estrada PO-335, á altura do núcleo de Bouza, co obxectivo de ordenar os usos do solo e evitar a implantación de novas vivendas unifamiliares na fronte costeira que impidan a contemplación do horizonte devaluando a imaxe do conxunto, mellorar tanto no que se refire ás súas características ambientais como ás relativas á harmonía e calidade da paisaxe.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo

- Chairas intermareais / Llanuras intermareales
- Marismas / Marismas
- Praias / Playas
- Dunas / Dunas
- Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros
- Cantis / Acantilados
- Vexetación costeira / Vegetación costera
- Bosques autóctonos / Bosques autóctonos
- Bosques de ribeira / Bosques de ribera
- Bosques mixtos / Bosques mixtos
- Bosques de recolonización / Bosques de recolonización
- Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo

Asentamentos / Asentamientos

- Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
- Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
- Asentamento funcional / Asentamiento funcional
- Agregado urbano / Agregado urbano
- Nova agrupación / Nueva agrupación
- Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

- Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
- Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
- Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
- Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
- Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
- Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
- Puntos de observación / Puntos de observación
- Faros / Faros

Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- 0 m
- 10 m
- 20 m
- 50 m
- 100 m
- 200 m
- 500 m
- 1000 m
- 2000 m
- 3000 m

- Matogueiras / Matorrales
- Cultivos e prados / Cultivos y prados
- Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero
- Viñedos / Viñedos
- Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico
- Forestal de repoboación / Forestal de repoblación
- Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas
- Outras masas de auga / Otras masas de agua
- Canteira / Cantera
- Artificial / Artificial

Espazos de interese / Espacios de interés

- Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
- Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
- Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

- Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
- Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
- Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
- Zona portuaria / Zona portuaria
- Ferrocarril / Ferrocarril
- AVE / AVE
- Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
- Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
- Outras estradas / Otras carreteras
- Pistas e camiños / Pistas y caminos
- EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



